



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa Sur. Sector: Baixo Miño. Municipio: O Rosal e unha pequena porción de terreo ao suroeste na Guarda. Parroquias: San Miguel de Tabagón, San Xoán de Tabagón e San Bartolomeu das Eiras no Rosal; e San Lourenzo de Salcidos na Guarda. Extensión: 6,32km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa e regular con importante presenza de depósitos sedimentarios resultado da dinámica fluvio-mariña polo que a fronte costeira está formada por varias illas de areas, limos e cantos de orixe fluvial tapizadas de vexetación de ribeira (illas Morraceiras) e por áreas de marisma relacionadas co fluxo mareal. A parte interna da unidade esténdese nun primeiro tramo por unha ampla terraza fluvial de morfoloxía aplanada e tras ela a vertente de pendente progresiva que culmina nunha liña de cumes que de oeste a leste pechan a unidade e cuxa principal cota é o Alto de Tabagón de 185m snm.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta unidade mantén unha representación litolóxica antiga nos bordos setentrionais que se corresponden con rocas metamórficas do Complexo de Monteferro - O Rosal ao oeste e o extremo nordés, con numerosas vetas de cuarcita, pero que son granitos de feldespato alcalino moi fragmentados na zona centro setentrional. O resto da unidade componse de depósitos cuaternarios: coluviais, varios niveis de terrazas asociados á desembocadura do Miño e, sobre todo, depósitos aluviais cuxa enorme potencia chega a formar illas no estuario do río.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Clima homoxéneo en toda a unidade, con temperatura media anual por riba de 15°C, precipitacións acumuladas entre 1400mm e 1600mm anuais e variación térmica ao longo do ano de 12,5°C a 13,5°C. Dominio climático Cálido e Moi Húmido.

#### OS SOLOS

Costa baixa con importante presenza de solos incipientes asociados ao fluxo mareal e á dinámica sedimentaria fluvio-mariña. Dominio dos fluvisóis sálicos e tíonicos nos que se desenvolven extensas formacións de marisma propia deste tipo de ambientes destacando pola súa extensión a área de confluencia entre os ríos Tamuxe e Miño onde se forman amplos espazos hidromorfos, incluso de carácter insular, como as illas Morraceiras. Localmente aparecen espazos de ribeira cubertos por arenosos. Augas arriba, a chaira fluvial adquire unhas notables dimensións no sector chamado As Leiras Longas, onde se encontran os solos máis fértiles da unidade, de tipo fluvisol háptico e cambisol eútrico e son intensamente explotados desde o punto de vista agraria. Cara ao interior a chaira dáse paso a unha pendente suave a moderada na que de novo aparecen solos evolucionados de certa profundidade, cambisois dístricos e eútricos, para dar paso finalmente aos máis pobres de cabeceira de vertente, de tipo umbrisol.


#### AS AUGAS

O esteiro do Miño (Augas de Transición 20454) recibe nesta unidade a achega de varios arrosios de reducido caudal. Ademais, entre as illas de orixe sedimentaria formadas na desembocadura do Miño, circulan canos de augas salobres como o Rego de San Miguel.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Unidade con marismas, brañas, chaira costeira próxima e espazo fluvio-mariño incluídos no LIC Baixo Miño. As marismas (grupo 13) adquiren gran extensión, algo máis de 60ha. Tamén aparecen amplas chairas dos hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais. A horizontalidade da chaira costeira e a saturación hídrica derivadas de augas continentais e de transición favorece o desenvolvemento de bosques de ribeira (91E0), que se centran na orla das marismas e no arroio de Tabagón, algúns deles de certa extensión. Esta marcada hidromorfía tamén desenvolve áreas con hábitats herbáceos húmidos, prados dos hábitats 6420, prados de herbas altas do Molinion-Holoschoenion, e 6430, megaforbios eutrofos higrófilos. Cara ao interior destacan algunhas masas de recolonización a partir de límites vexetados de leiras, así como algunhas formacións mixtas existentes entre a zona agrícola e as masas forestais de repoboación dos altos de Tabagón.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Unidade caracterizada polo intenso uso agrícola que se desenvolve na planicie litoral cofecida como As Leiras Longas, onde se atopan tamén certas masas de vexetación de ribeira e de Quercus que acompañan ao pequeno curso de auga que desemboca no Rego de San Miguel. As cotas altas e intermedias das ladeiras do Alto de Tabagón, A Paradela e Monte da Rúa, que delimitan a unidade cara ao interior, están cubertas por bosque de repoboación para explotación forestal. Nas cotas inferiores destas ladeiras é onde se concentra a práctica totalidade da actividade residencial, despois das cales, na planicie litoral, se desenvolve a actividade agrícola, separadas pola estrada EP-3303. A primeira franxa litoral, de preto de 300 metros de anchura, acolle masas de vexetación mixta recentemente repoboadas.

#### MORFOLOXÍA

A práctica totalidade dos fenómenos residenciais que tradicionalmente se produciron nesta unidade fixérono desde a estrada EP-3303 cara ao interior, preservando a zona cultivada das Leiras Longas. As parroquias de San Miguel de Tabagón, ao oeste, e a de San Xoán de Tabagón ao norte presentan patróns de organización similares: estrutura alveolar, policéntrica, coas edificacións concentradas ao longo dunha tupida rede de camiños que mantén grandes baleiros e zonas de cultivo entre eles. Son asentamentos moi dispersos, de moi baixa densidade, extensivos e sen límites definidos, que experimentaron poucos crecementos na época recente. Aparecen, pola contra, novas edificacións ao sur da estrada que tradicionalmente exerceu de barreira, empezando a alternar usos agrícolas con residenciais. Nesta unidade identificouse ao Cruceiro como núcleo de identidade do litoral.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada PO-552 e a súa continuación, a EP-3303, percorre o ámbito longitudinalmente, xerando unha clara división espacial entre as zonas de cultivo e aquelas que acollen outros usos, ben sexan residenciais ou forestais. Á altura de San Xoán de Tabagón é onde a PO-552 desvíase cara ao interior, pasando a delimitar o núcleo polo norte. A rede viaria tradicional, en cuxo trazado sinuoso se apoia o crecemento residencial para salvar a suave pendente na que se sitúa, non foi respectada nas zonas litorais de cultivo, que foron sometidas a un proceso de regulación que supuxo a reorganización dos viarios e as parcelas para mellorar a súa accesibilidade e rendemento. Unha serie de camiños peonís recreativos acompañan a franxa costeira cuberta por masas de vexetación mixta.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Varios vestixios arqueolóxicos atópanse nos montes que delimitan o ámbito cara ao seu interior. Destacan o Castro de Eiras, o de Pombal ou o Castro de Portela que, xunto cos petróglifos de Porta das Cruces, son os elementos máis representativos deste patrimonio histórico. O abundantísimo patrimonio etnográfico da unidade resúmese na tipoloxía tradicional das casas e conxuntos de vivendas, así como os diversos elementos representativos da cultura galega, como cruceiros, petos de ánimas, fontes e lavadeiros. Así mesmo, pode apuntarse a ponte neoclásica (mediados do s. XIX) sobre o Río Tamuxe, construído encima do anterior romano. Dentro da arquitectura relixiosa encontramos as igrexas parroquiais de San Bartolomeu, San Miguel de Tabagón e San Xoán.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe caracterizada pola potencia xeográfica das súas diferentes formacións: límites interiores marcados polos montes de pouca elevación que rodean o ámbito, tras os que a media ladeira de pouca pendente sustenta os fenómenos residenciais, despois dos cales se estende unha ampla planicie onde se desenvolven as parcelas de cultivo até a liña de costa. É aquí, na franxa dos 300 metros máis próximos á costa, onde se realizou unha actuación de reforestación con fins lúdicos que combina sendas peonís, pistas deportivas e vexetación diversa. Destaca este territorio pola marcada continuidade espacial dos tecidos de cultivo, que constitúen un conxunto no que tan só pequenas masas illadas de bosque autóctono combinado con árbore de repoboación salpican as distintas parcelas agrarias.

### DINÁMICA DA PAISAXE

Este territorio comparte co resto de unidades do Baixo Miño unha alta ocupación humana ao longo da historia, dando lugar a unha paisaxe construída por diferentes estratos históricos nos que a intervención do home foi forte e continuada. Os núcleos de poboación tradicionais que se atopan na unidade se desenvolveron historicamente cara ao norte da estrada principal, estratexia esquecida actualmente, aparecendo edificacións nos terreos antes preservados para o cultivo. O crecemento tendeu a perpetuar os parámetros tradicionais de dispersión, ao longo das diferentes vías de comunicación da unidade e ocupando parcelas que antes se consagraban aos labores agrarios. As parcelas de cultivo da zona coñecida como As Leiras Longas sufriron un proceso de concentración e regularización para mellorar a súa produtividade, que supuxo modificacións importantes na estrutura do chan (aumento do tamaño das parcelas) e viaria (regularización da rede de camiños tradicionais). As novas técnicas agrarias (como o uso de invernadoiros) tamén producen modificacións importantes na paisaxe.


### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Territorio de clarísima lectura debido á estrutura e xerarquía mantida con rigor polas actividades e usos do chan. A continuidade dos diferentes tecidos paisaxísticos (repoboación forestal cara ao interior da unidade, tecido residencial entre este e a estrada e zona de cultivo de aquí á costa) converte este ámbito nunha contorna de pautas de ordenación moi claras, nos que calquera modificación dos principios de estruturación leva a distorsión na súa percepción. A introdución de novos patróns, como é a incipiente proliferación de cultivos en invernadoiro, fará que esta paisaxe siga evolucionando conforme as pautas que imponían as dinámicas socioeconómicas da sociedade. Fóra do ámbito de xestión, o miradoiro Niño do Corvo, ofrece unha ampla panorámica do esteiro do Miño.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



